



MEMORIA DE CALIDADE

FACULDADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Curso Académico: 2019/2020

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	4
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	4
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	8
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	13
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	17
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	21
Directriz 6. Información pública	25
3. Plan de Melloras do centro	27
2. Modificacións nos diferentes títulos	46
3. Listaxe de evidencias e indicadores	47

1. Introducción

Esta memoria dá testemuña do compromiso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais coa adopción dun enfoque de calidade que procura no só a excelencia dos programas formativos que oferta, senón a construción dunha comunidade académica comprometida cun ensino público de calidade e a máxima conexión co tecido socioeconómico no que se insiren a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).

No marco dos programas de xestión de calidade implementados pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais [en adiante, a facultade] configura a súa política propia asumindo como principal obxectivo o desenvolvemento eficiente da súa oferta educativa.

O desexo de perfeccionar os programas formativos que se imparten no centro é unha das principais motivacións que guían aos órganos de goberno e comprometen mesmo á toda a comunidade académica. Esta aspiración materialízase nunha supervisión estreita da posta en práctica dos programas e na procura continua de elementos que merecen ser mellorados.

Os nosos obxectivos abranguen, igualmente, o estímulo da actividade investigadora así como o enriquecemento da vida cultural da nosa comunidade e o incremento da participación de todos os actores implicados, fomentando, en suma, como proxecto común, a oferta dun servizo público renovador, aberto e responsable.

Esta Memoria de Calidade, correspondente ao curso académico 2019-2020, foi elaborada e debatida no seo da Comisión de Calidade. O 15 de xuño de 2021 foi aprobada polos seus integrantes.

O documento recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade [en adiante, SGIC], ao seguimento dos títulos impartidos no centro e ao plan de melloras, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Os principais órganos responsables da supervisión e desenvolvemento do SGIC na facultade durante o curso 2019-20 foron os seguintes:

- Equipo de dirección (decanal)
- Comisión de calidade
- Responsable de calidade do centro
- Comisión do título de Grao en Ciencia Política e da Administración
- Comisión académica do Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política

Os órganos de goberno do centro son os que de seguido se relacionan:

- Equipo decanal: Ramón A. Bouzas Lorenzo (decano); Miguel A. Caínzos López (vicedecano) e Irene Rodríguez Manzano (secretaría).
- Xunta de Facultade e as súas comisión delegadas:
 - Comisión de Calidade
 - Comisión de TFG, prácticas externas e mobilidade
 - Comisión de Cultura, bibliotecas e normalización lingüística
 - Comisión do Título de Grao en Ciencia Política e da Administración
 - Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas

Durante o curso 2019-20 ofertáronse os seguintes títulos:

- *Grao en Ciencia Política e da Administración*
- *Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política*

Asimesmo, a facultade foi sede de actividades formativas do *Programa de Doutoramento en Márketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas*.

Ao longo do curso non se produxo ningún cambio na estrutura dos órganos de goberno ou na estrutura específica para o desenvolvemento do SGIC. Tampouco houbo cambios na oferta de títulos impartidos,

aínda que se tramitaba a verificación da acreditación do *Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política*, que no curso seguinte dará lugar a un novo título. Si cómpre salientar o cambio que se produxo na coordinación do máster por xubilación do Prof. Xosé Luis Barreiro Rivas, asumindo o cargo o Prof. José Manuel Rivera Otero.

O impacto, a partir de marzo de 2020, da pandemia provocada pola Covid-19 obrigou a facer adaptacións profundas na didáctica dos títulos ofertados, na canle de provisión de servizos administrativos e na comunicación mantida cos actores implicados. No que atinxe á didáctica, nun prazo moi curto -prácticamente quince días- o profesorado debeu trasladar contidos, mecanismos de seguimento e avaliación e as sesións expositivas e interactivas a unha modalidade en liña sen absoluta presencialidade. Esta migración acelerada ás canles virtuais produxose igualmente na prestación de servizos e na comunicación mantida cos órganos de goberno da universidade, coa comunidade educativa e cos actores externos.

Tendo en conta a solvencia demostrada e a celeridade coa que se trasladaron os procesos formativos e administrativos ás canles virtuais sen prácticamente incidencias e garantindo as prestacións que debía ofrecer o centro, sirvan estas liñas para recoñecer o esforzo feito e a capacidade de adaptación mostrada polo profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos.

Dada a persistencia da pandemia, a aprendizaxe adquirida nos seis meses do curso 2019-20 nos que houbo que adaptar todo o sistema formativo ás novas circunstancias constituiu una base sólida para deseñar o curso seguinte, do que dará conta unha próxima memoria.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión de Calidade do Centro é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do centro, actuando, ademais, como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros. Eran membros da Comisión de Calidade ao remate do curso 2019-20 (17/6/20):

- Prof. Ramón Bouzas Lorenzo (Decano e Responsable de Calidade do Centro)
- Prof. José Caamaño Alegre (en representación do PDI), secretario da comisión.
- Prof. José Manuel Rivera Otero (Coordinador do Título de Máster)
- Prof. Celestino García Arias (Coordinador do Título de Grao)
- M^a Ángeles Lorenzo Periscal (Responsable da Unidade de Xestión do Centro)
- Prof^a María Antonia Arias Fernández (en representación do PDI)
- Alberto Quintas Muñoz (en representación do PAS)
- Ariana Castro Loureiro (en representación do alumnado)
- Duarte Cea Rama (en representación do alumnado)

Durante o curso 2019-20 a facultade aprobou a 4ª edición do *Manual do Sistema de Garantía de Calidade* (Consello de Goberno do 30 de setembro de 2020) e a primeira edición do *Manual de Procesos* (Consello de Goberno do 30 de setembro de 2020).

A Comisión de Calidade considera que a política de calidade mantén a súa vixencia.

No que atinxe ao plan estratéxico, a piques de rematar o curso do que se fai memoria, a Área de Calidade solicitou aos centros que tiñan pendente a elaboración dun plan estratéxico a preparación dun plan provisorio (ponte), tendo en conta

que o horizonte de aplicación do actual *Plan Estratégico da Universidade de Santiago de Compostela* estaba alcanzando o seu límite. Este plan se remataría e aprobaría durante o seguinte curso.

Actualizados os manuais e completado o plan estratéxico quedaría pendente, dentro dos procesos de xestión da calidade, activar o Comité Asesor Externo, que esta comisión considera prioritario. Igualmente, respecto das accións de mellora establecidas na anterior memoria permanece pendente a elaboración dun regulamento de réxime interno que debe ser abordado á maior brevidade.

Respecto da xestión dos procesos de calidade, considérase necesario nomear a un coordinador/a xeral de calidade que apoie o labor desenvolvido polo responsable de calidade do centro (actualmente o decano) e permita levar ao día e mesmo anticipar procedementos que tenden a demorarse por mor de sobrecargas de traballo nos órganos directivos.

En liña có establecido no SGIC marco da USC e o SGIC da facultade, os procedementos de recollida de información funcionan aceptablemente e facilitan os datos básicos necesarios aos órganos de xestión do SGIC. A Información dispoñible (fundamentalmente fornecida pola Área de Calidade), de acordo cós procedementos do SGIC, é analizada a través dos diferentes órganos de goberno, comisións e estrutura para o desenvolvemento do SGIC.

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e enquisas de satisfacción do alumnado, profesorado e egresados. Esta información e outros datos e informes son analizados polos coordinadores dos títulos e posteriormente polos órganos do SGIC para conseguir o avance da calidade do ensino, así como os servizos que lle dan apoio.

A recollida de información e o tratamento da mesma desenvólvese segundo o previsto, aínda que habería que indicar, como en memorias anteriores, que o nivel de participación nas enquisas é baixo, malia os esforzos de difusión que se realizan desde a área de Calidade da USC, o centro e a coordinación dos títulos. Para incrementar o nivel de participación nas enquisas de satisfacción durante os períodos da súa realización, a dirección do centro dá publicidade ás mesmas a través de pantallas informativas. Igualmente, a través de correo electrónico, estanse remitindo comunicacións individuais instando á participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están recollidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas establece a súa tramitación a través do Defensor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos) e a través do Decanato da Facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a calquera incidencia e reclamación asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

En relación coas suxestións, durante o curso 2019-20 os representantes de alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións delegadas formularon propostas que, na medida das competencias da facultade, foron consideradas e aplicadas. Nos casos nos que a facultade non puido actuar, deriváronse as suxestións aos órganos competentes da USC. Este foi o proceder tanto coas suxestións recibidas dos representantes do alumnado como do resto da comunidade académica.

No que atinxe a queixas ou reclamacións, o decanato xestionou durante este curso as seguintes:

- 2 queixas individuais sobre o acceso a programas informáticos e a aula de informática.
- 6 queixas individuais (1 no primeiro semestre; 5 no segundo semestre) sobre o procedemento de avaliación en 4 materias do grao.
- 1 queixa individual e outra colectiva (representantes de alumnado) durante o período de docencia en liña (14 de marzo a 31 de xullo de 2020), por sobrecarga de traballo, dificultades de acceso a recursos electrónicos e falta de coordinación entre materias.
- 1 reclamación individual contra o resultado da avaliación (segundo semestre) dunha materia do grao.

Finalmente, relacionanse de seguido as reunións mantidas polos principais órganos implicados do SGIC na facultade durante o curso 2019-2020, cuxas actas correspondentes informan de decisións diversas tomadas dentro do ámbito de aplicación do SGIC.

Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

18 de novembro de 2019:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior
- 2.- Aprobación, se procede, da versión actualizada do SGIC
- 3.- Aprobación, se procede, do plan de melloras do Máster.
- 4.- Rolda aberta de intervencións

4 de marzo de 2020

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior
- 2.- Aprobación, se procede, do informe para a renovación da acreditación do Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política.
- 3.- Rolda aberta de intervencións

22 de xuño de 2020:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Aprobación, se procede, do informe de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración 2018-19 e as súas accións de mellora.
- 3.- Aprobación, se procede, de correccións ao Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
4. Aprobación, se procede, do Manual de Procesos.
5. Rolda aberta de intervencións

Comisión do Título do Grao en Ciencia Política e da Administración

2 de outubro de 2019

1. Lectura e aprobación si procede da acta anterior
2. Análise das solicitudes de validación
3. Análise das solicitudes de cambio de grupo do curso 2019-2020
4. Rolda aberta de intervencións

12 de novembro de 2019

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Estudo de medidas de reorganización de actividades como consecuencia das filtracións de auga nalgúns espazos do aulario.
3. Rolda aberta de intervencións.

28 de novembro de 2019:

Proposta de suspensión da actividade lectiva no Grao durante a semana que abrange do 16 ao 20 de decembro de 2019 por realización de exames.

12 de febreiro de 2020:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores
2. Solicitudes de cambio de grupo do curso 2019-2020 (Segundo Plazo)
3. Asuntos de trámite
4. Rolda aberta de intervencións

23 de abril de 2020

Implantación do ensino non presencial e diversos temas (contexto Covid-19) que preocupan ao alumnado.

7 de xullo de 2020

Plan de adaptación do Grao en Ciencia Política e da Administración aos escenarios de docencia previstos nas *Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020/21.*

Comisión Académica do Máster en Márketing Consultoría e Comunicación Política

13 de setembro de 2019

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Aprobación, se procede, da apertura de área externa.
3. Aprobación, se procede da solicitude de dedicación a tempo parcial da alumna Laura Vidal Formoso.
4. Solicitude de realización das prácticas externas dende casa do alumno Daniel Fiaño Llerafo.
5. Proposta de nomeamento de membros da comisión de seguimento do convenio específico da USC co IUIOG para o desenvolvemento do Máster.
6. Asuntos de trámite.
7. Rogos e preguntas.

18 de novembro de 2019

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (que se adxunta).
2. Contestación ás alegacións ao informe provisional de seguimento do curso 2017/2018.
3. Nomeamento de membros da Comisión Académica.
4. Asuntos de trámite.
5. Rogos e preguntas.

25 de novembro de 2019

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (que se adxunta).
2. Modificación do POD do Máster 2019-2020.
3. Asuntos de trámite.
4. Rogos e preguntas.

16 de decembro de 2019

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (que se adxunta).
2. Situación dos alumnos procedentes de China no Máster.
3. Designación de Tribunais e datas de entrega e lectura de TFM da convocatoria de febreiro.
4. Asuntos de trámite.
5. Rogos e preguntas.

23 de xaneiro de 2020

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (que se adxunta).
2. Modificación da memoria do Máster.
3. Asuntos de trámite.
4. Rogos e preguntas.

27 de febreiro de 2020

1. Convalidación dos expedientes de prácticas, se procede.
2. Aprobación provisional do regulamento de TFM.
3. Informe de renovación da acreditación.
4. Rogos e preguntas.

Ao longo do resto do semestre, por mor das circunstancias derivadas da Covid-19, os asuntos tratados pola comisión académica do máster foron compartidos e consensuados mediante email entre todos os integrantes.

Á marxe do máster, no que atinxe a actuacións xerais realizadas durante o período de confinamento (Covid-19) e ata o final do curso 2019-20 en materia de supervisión da calidade dos diversos procesos dos que é reponsable o centro dase conta nas seguintes seccións.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os órganos responsables da xestión do SGIC da facultade desenvolveron os procesos de revisión e execución de melloras dos programas formativos conforme ao calendario e pautas establecidas pola universidade e os órganos supervisores de calidade.

Durante este curso o *Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política* tiña programada a renovación da acreditación. A comisión académica elevou o informe de seguimento correspondente e quedou pendente da visita de avaliación externa que estaba prevista para o 27/04/2020. Por mor das circunstancias da Covid-19 a visita adiouse ao mes de novembro (curso 2020-21).

Non houbo incidencias relacionadas co cumprimento das guías docentes dos dous títulos ofertados. En xuño/xullo de 2020 realizouse unha adaptación xeral e supervisión exhaustiva de todas as guías en resposta á adaptación do ensino dos programas á docencia semipresencial que se desenvolvería no curso seguinte.

En relación coa análise dos perfís de ingreso/egreso, verificación do axuste aos resultados de aprendizaxe previstos na memoria e supervisión de indicadores relativos á satisfacción dos grupos de interese realizáronse as accións correspondentes no marco da elaboración dos informes anuais de seguimento.

No que atinxe á coordinación, desenvolvéronse reunións do profesorado nos distintos cursos do grao a partir do mínimo dunha reunión por semestre. A partir de marzo de 2020 (Covid-19) estes mecanismos de coordinación activáronse máis frecuentemente nos dous títulos ofertados.

Cómpre salientar que no contexto da adaptación dos procesos formativos e xestión xeral do centro por mor do impacto da Covid-19, intensificáronse as accións informativas e de recollida de datos en varias fronteiras:

- Introducción de mecanismos propios de exame da adaptación da formación ao formato non presencial: deseño de enquisa sobre a adaptación da docencia no grao ao formato online (04/2020) a cargo do coordinador do título de grao.

- Resposta a requerimientos de información de órganos superiores: informe sobre adaptación da docencia á formación online; informe sobre equipamento e soporte á docencia; informes sobre adaptación dos horarios dos programas formativos e adaptación das instalacións en preparación do curso 2020-21 (en aplicación das “Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021” e das “Bases para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura”, aprobadas polo Consello de Goberno); informes sobre adaptación dos métodos de avaliación e programación da avaliación do segundo semestre, da segunda oportunidade e TFG/TFM.
- Elaboración de guías propias para o alumnado (TFG) / adaptación do ensino-instalacións.
- Adaptación dos programas de prácticas externas e da mobilidade.
- Incremento de reunións de coordinación co profesorado, alumnado, outros centros da USC e órganos de goberno.
- Incremento da comunicación coa comunidade académica
- Migración a formato en liña dos labores de promoción dos títulos.

No que atinxe á adaptación á normativa elaborada polos órganos directivos da USC no cotexto do impacto da Covid-19 no ensino, lembraremos nestas liñas a sucesión de regulacións que foi adaptando o centro:

- Resolución reitoral do 27 de marzo de 2020 sobre as practicas académicas externas do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria.
- Acordo do consello de goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19.
- Instrución 3/2020, da Secretaría Xeral, sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020.
- Resolución reitoral do 7 de maio de 2020, pola que establece o protocolo de actuación para a aplicación do “plan para la transición hacia una nueva normalidad”, aprobado por consello de ministros o pasado 28 de abril de 2020 (Fase I).
- Acordo do consello de goberno do 22 de abril, polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19.
- Guía para a realización de probas finais telemáticas [publicada o 28 de abril de 2020].
- Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC [publicado o 28 de abril de 2020].
- Resolución reitoral do 22 de maio de 2020 pola que se establece o protocolo de actuación para a aplicación do “plan para la transición hacia una nueva normalidad”, aprobado por consello de ministros o pasado 28 de abril de 2020 (Fase II).

En suma, foi elevadísimo o esforzo que a comunidade académica realizou para adaptarse ás circunstancias suscitadas pola Covid-19 e delo dan testemuña os centos -literalmente- de emails enviados desde a dirección do centro relacionados coa coordinación a distintos niveis da adaptación de normativa, elaboración de guías docentes, planificación de procesos de avaliación, adquisición de equipamento, axuste da didáctica, adaptación das instalacións, etc. O desafío foi superado, a xuízo desta comisión, de xeito sobresaínte, sen prácticas incidencias. Será a comunidade científica a que nos próximos anos e con perspectiva xulgue a efectividade dos esforzos realizados e das solucións adoptadas.

En proporción ao esforzo investido no contexto da Covid-19, salientamos nas seguintes liñas un resumo da avaliación feita sobre o desenvolvemento dos procesos de ensino no formato online a partir dos informes elaborados polo decanato (23/03/2020 e 16/04/2020) en función da información fornecida polos coordinadores dos títulos e directores dos departamentos implicados.

Grao en Ciencia Política e da Administración

A adaptación ao formato de ensino en liña desenvolveuse con razoable normalidade e se constatou que o PDI solventou exitosamente a continuidade das súas actividades lectivas.

Nas materias que tiveron docencia no segundo semestre confirmouse o uso practicamente xeneralizado de ferramentas para a docencia en liña para contactar co alumnado, para dar indicacións de actividades e materiais recomendados, así como para manter titorías virtuais. En concreto, o campus virtual e o correo electrónico foron as canles máis utilizadas na docencia en liña, sendo outras canles -mesmo, MS Teams- minoritarias.

Por outra banda, verificouse que, salvo nunha, en todas as materias se fixeron axustes nas guías docentes, nomeadamente na metodoloxía e na planificación e, en menor medida, na bibliografía e contidos.

Os principais problemas que percibiu o profesorado no seguimento do ensino en liña por parte do alumnado estaban relacionados coas dificultades para acceder a recursos bibliográficos e diversos tipos de obstáculos técnicos e formativos para acceder e usar os recursos en liña.

A didáctica expositiva das materias mantívose en xeral a través de documentos indicados no campus virtual sobre os que profesorado dou orientacións ao alumnado a través da ferramenta "foro", correo electrónico e, nalgúns casos, mediante material audiovisual.

Pola súa banda, a actividade interactiva mantívose a través de exercicios prácticos propostos no mesmo campus. Estes exercicios foron supervisados regularmente pola meirande parte do profesorado.

As maiores dificultades atopáronse no mantemento da docencia de materias que precisaban o uso da aula de informática. Con todo, o PDI responsable desas materias solventou as dificultades desenvolvendo actividades novas adaptadas ao traballo a distancia e á limitación de recursos que parte do alumno podía ter.

Respecto do programa de prácticas externas, a meirande parte do alumnado rematou a súa actividade no primeiro semestre. Así mesmo, no momento da suspensión da actividade presencial a totalidade do alumnado matriculado xa concluíra os cursos de formación complementaria que se esixen como parte da avaliación das prácticas. Só quedaron pendentes de remate 34 alumnos, dos cales a metade alcanzou o número mínimo de horas esixidas mediante teletraballo. Dos restantes, confirmouse unha anulación de matrícula e os demais alumnos remataron reincorporándose presencialmente ás entidades colaboradoras.

No que atinxe aos TFG, fixéronse axustes na guía docente e non se tivo constancia de incidencias entre o alumnado matriculado. O profesorado mantivo a titorización a través do correo electrónico e, nalgúns casos, por medio de videochamada.

Dende o punto de vista metodolóxico, a situación de confinamento afectou aos TFG con orientación máis empírica, por mor das limitación ou imposibilidade dos traballos de campo. Malia ese problema, a guía docente contemplou un abano de enfoques diversos que permitiu reorientar os TFG e avalialos coa flexibilidade que impuxo a situación.

Finalmente, no seguinte cadro salientáanse algúns resultados dunha enquisa propia ao alumnado do grao administrada mediante Microsoft Forms entre o 18 e o 22 de abril de 2020, na que participaron 174 alumnos (34% dos alumnos do Grao). A distribución dos participantes por curso no que estaban matriculados da meirande parte das materias foi a seguinte: primeiro (8 %); segundo (55 %), terceiro (35 %); cuarto (2 %).

- O 71% declarou que a carga de traballo semanal coa docencia virtual aumentou moito en comparación coa docencia presencial. As actividades que máis incrementaron esa carga de traballo foron a elaboración de traballos por escrito, os resumos (lecturas) e as lecturas mesmas. Só unha terceira parte dos enquisados manifestou seguir o ritmo de traballo.
- O 72% púxose en contacto cos profesores/as por algún medio (fundamentalmente correo electrónico) para consultarlles dúbidas, que, segundo o 71% foron respondidas entre o mesmo día e o seguinte. Só un 17% se mostrou insatisfeito coa resposta dada polos docentes.

- Respecto das guías docentes, os enquisados percibían que os elementos que máis cambiaron eran os materiais para transmitir os contidos, a planificación do ensino e as actividades nas que basear a avaliación.
- O 71% declarou conectarse ao campus virtual todos os días e só un 7% se conectou 3 ou menos días á semana.
- O 56% considerou insuficientes as instrucións proporcionadas na aula virtual para manexar os recursos.
- O 60% fixo uso de todos os recursos que cargaban os profesores/as nas aulas virtuais. No caso de non facelo, a abundancia dos materiais e a falta de tempo foron as causas principais.
- O 56% considerouse insatisfeito cos recursos que cargaban os profesores/as na aula virtual.
- O 73% declarou insatisfeito co uso de MSTeams por parte dos profesores/as.
- O 78% móstrouse insatisfeito coa docencia virtual e o 85% consideraba que con esa docencia non eran quen de conseguir os mesmos resultados académicos que alcanzarían coa docencia presencial.
- Finalmente, os participantes mostraban un nivel razoablemente alto de alfabetización dixital. O 59% declarou non ter dificultades para conectarse a Internet e os que si atoparon problemas principalmente relacionados con deficiencias das conexións (lentitude; interrupcións; ausencia de conexión).

Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política

Consonte á programación propia do título, dende o 27 de febreiro non houbo actividade de aula, quedando pendente tan só a titorización de TFM e realización de prácticas externas.

Durante este período procedeuse a asignación de titores/as de TFM e constatouse que a meirande parte do alumnado xa comezara o seu traballo, mantendo titorías a través de correo electrónico, teléfono ou videoconferencia. A xestión do TFM só rexistrou incidencias, resoltas, relacionadas co alumnado estranxeiro.

Respecto ao programa de prácticas externas, tras unha consulta coas entidades colaboradoras, decidiuse, na meirande parte de casos, adiar o período de prácticas aos meses de xullo, agosto e setembro coa finalidade de asegurar a presencialidade. En poucos casos os alumnos proseguiron mediante teletraballo.

Comunicación e coordinación coa comunidade académica

Dende o punto de vista da comunicación coa comunidade académica involucrada no grao e no máster, mantívose un contacto frecuente co PDI, PAS e alumnado.

O decanato informou regularmente ao PDI e aos coordinadores dos títulos de calquera novidade respecto ás decisións ou directrices emanadas dos órganos de goberno, así como de calquera incidencia recibida no decanato ou polo persoal de apoio administrativo. Igualmente, douse resposta e asistencia a calquera dúbida manifestada polo PDI.

Mantívose unha comunicación frecuente co alumnado, directamente, a través dunha listaxe de correo de todo o alumnado matriculado ou, indirectamente, a través dos seus representantes, destinatarios, xunto co PAS e o PDI de todos os correos electrónicos que dende o decanato se enviaron para informar de calquera novidade importante.

Finalmente, dende o decanato enviáronse comunicacións ás entidades colaboradoras no programa de prácticas externas para informarlles da evolución da situación e das solucións que se estaban a aplicar. Neste sentido, cómpre salientar a comunicación intensa que o responsable de prácticas mantivo co alumnado e titores/as externos para resolver todos os problemas que foron xurdindo.

Pola súa banda, o coordinador do grao mantivo contacto regular cos coordinadores de curso coa finalidade de ofrecer orientacións ao profesorado, especialmente no que se refire á carga de traballo do alumnado. Así mesmo, revisou todos os resultados das enquisas promovidas pola USC, así como as achegadas polas organizacións estudiantís.

Coa finalidade de procurar datos propios, o coordinador, como antes se comentou, deseñou, coa colaboración dos coordinadores de curso, unha enquisa sobre docencia en liña da que se dou conta resumidamente na parte final do apartado dedicado ao grao (arriba).

No que atinxe ao máster, dende a súa coordinación mantívose informado ao alumnado sobre calquera novidade relacionada coa situación e as directrices dos órganos de goberno, así como información relativa ao programa de prácticas externas e TFM. Igualmente, mantívose comunicación cos titores/as de TFG e titores externos de prácticas.

Finalmente, cómpre salientar e recoñecer o funcionamento coordinado do PAS dende a unidade de apoio á xestión,

secretaría do decanato, secretaría do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía e Unidade de Asuntos Económicos cos que o equipo decanal mantivo comunicación constante a través do correo electrónico e MS Teams (chat e videochamada).

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirilles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A través dos procesos establecidos pola USC e aplicados pola facultade, execútase a normativa predefinida de procesos de admisión, progresión e certificación resolvendo as dúbidas dos actores concernidos e respondendo ás instrucións que os órganos directivos do centro van recibindo ao longo do curso.

A facultade participa activamente nas actividades de promoción dos títulos organizadas polos servizos correspondentes da USC e pon en marcha as súas propias iniciativas. No curso 2019-20, a principal actividade fomentada pola USC (Programa *A Ponte*) foi realizada en formato de feira online coa participación do responsable de promoción e un reforzo de PDI e alumnado egresado (doutoramento) que desenvolveron con éxito as actividades. A comisión aconsella, non obstante, crear unha estrutura máis ampla de participación en actividades de promoción e organizar un calendario anual complementario ao da USC.

No cuarto curso do grao mantivéronse as actividades formativas complementarias ás prácticas externas orientadas a reforzar as capacidades do alumnado para a mellora da inserción laboral. Participou practicamente a totalidade do alumnado matriculado na materia de prácticas externas obtendo unha formación adicional de 24 horas en cinco actividades formativas (presentación de informes, análise de datos; traballo en equipo, deseño de proxectos, búsqueda de emprego).

En relación coa titorización para a orientación laboral e continuidade de estudos (postgrado), respondéronse todas as solicitudes de información recibidas por parte do PDI e equipo de dirección. A comisión aconsella, non obstante, organizar mellor este proceso.

Respecto a mobilidade, a facultade continua participando e facendo promoción dos programas de intercambio en todos os niveis de formación. Siguen a manterse en niveis baixos os datos de participación (entrante e saínte) malia os esforzos de información que fai o centro. Estase activando, con éxito, a participación en novos programas (Erasmus KA-107). A Comisión recomenda revisar a estrutura de PDI colaborador nas tarefas de coordinación e incrementar a proactividade neste campo. Desde o punto de vista dos requisitos de participación, a Comisión recomenda, coa garantía duns mínimos

de solvencia lingüística, que a USC rebaixe a existencia de idiomas en países con linguas romances accesibles, en termos de comprensión (italiano; portugués), o que pode permitir incrementar o intercambio coas universidades de Italia e Portugal.

Os procesos de avaliación (a partir da información contida nas guías docentes) e a súa adaptación ás memorias son verificados polas comisións de títulos. Así mesmo, a metodoloxía de aprendizaxe e a avaliación da aprendizaxe son supervisadas nos mesmos órganos e debatida polos axentes de coordinación (reunións de coordinadores de curso). A través da elaboración dos informes de seguimento dos títulos se analiza a evolución dos métodos aplicados e os resultados obtidos.

Os programas de prácticas externas e a xestión (asignación, supervisión, avaliación) do TFG/TFM son obxecto de seguimento nas comisións que teñen delegadas competencias (Comisión de TFG, Prácticas Externas e Mobilidade, no caso do grao; Comisión Académica do Máster). No que atinxe ao programa de prácticas externas do grao, a Comisión considera conveniente a redución do seu peso curricular debido aos constantes problemas de aceptación por parte dos actores implicados (entidades colaboradoras, especialmente) e xestión que supón a realización dos programas de 28 ECTS obrigatorios. Como se salientou na sección anterior, a adaptación ás circunstancias provocadas pola Covid-19, obrigou a fecer axustes temporais na duración do programa de prácticas, decisión con moi boa acollida polas entidades colaboradoras, alumnado e profesorado coordinador.

Finalmente, presentamos unha descrición dos resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC relativos ao curso académico 2019-2020. Estes indicadores foron facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición do centro para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC.

Téñase en conta que os datos incluídos refírense á suma de programas formativos ofertados pola facultade. Aconséllase a consulta do informe de seguimento de cada título para obter maior detalle.

- Número de prazas ofertadas (IN01C): 160, dato máis baixo da serie causado pola eliminación da oferta do máster na segunda sede.
- Matrícula (IN02C): 503 alumnos, dato máis baixo desde 2012 causado pola eliminación da oferta do máster na segunda sede.
- Matrícula de acceso (IN03C): 149, practicamente o dato máis baixo da serie causado pola eliminación da oferta do máster na segunda sede.
- Matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04C): 148, practicamente o dato máis baixo da serie causado pola eliminación da oferta do máster na segunda sede.
- Variación na matrícula de novo ingreso (IN05C): 3.5, primeira variación positiva desde o ano 2014.
- Nota media de acceso por preinscrición (IN06C): 7.86, na tónica dos cursos anteriores, dato máis elevado da serie.
- Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07C): 92.54, dato máis elevado de toda a serie.
- Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08C): 3.08, mellora os datos dos dous últimos cursos, tendendo a recuperar niveis anteriores.
- Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09C): 3.98, na tónica do curso anterior, pero inferior á media dos últimos cinco cursos.
- Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (IN10C): 76, superior ao curso anterior, na media dos cinco últimos.
- Taxa de ocupación (IN12C): 92,5, superior ao curso anterior (69.76) e dato máis alto desde 2016.
- Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro (IN14C): 0.41, en descenso, dato máis baixo desde 2016.
- Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C): Non se dispón de datos actualizados. O dato do curso anterior (3,75) era o máis baixo de toda a serie.

- Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17C): Non se dispón de datos actualizados. O último disponible (4.55, en 2018), era o segundo máis alto da serie.
- Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C): 6.36, dato máis baixo de toda a serie.
- Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institución (IN22C): 99.09, na tónica dos cursos anteriores (obrigatoriedade dos programas de prácticas).
- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total (IN24C): 70.37, dato similar, practicamente ao do curso anterior, o máis baixo desde 2016; en descenso debido á política de reemprazo de fórmulas de contratación estables por contratos temporais, máis precarios.
- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25C): 82.22, dato máis baixo de toda a serie. Tendo en conta a información sobre o PDI disponible, a comisión considera que pode haber un erro no cálculo no dato recibido, inferior á porcentaxe real.
- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26C): 46,67, dato máis baixo de toda a serie. Como o dato do indicador IN24C, en descenso debido á precarización contractual.
- Ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30C): Non se dispón de datos actualizados desde 2016 (13.3).
- Media de alumnos por grupo de teoría (IN31C): 43.33, dato máis baixo de toda a serie.
- Media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32C): 27.01, dato máis baixo desde 2012.
- Taxa de rendemento (IN34CG): 80.06, dato máis alto de toda a serie.
- Taxa de rendemento (IN34CM): 88.89, superior aos cursos anteriores, na media dos últimos seis anos.
- Taxa de éxito (IN35CG): 90.99, dato máis elevado de toda a serie.
- Taxa de éxito (IN35CM): 100, na tónica dos cursos precedentes.
- Taxa de avaliación (IN36CG): 87.99, dato máis elevado de toda a serie.
- Taxa de avaliación (IN36CM): 88.89, dato superior ao curso anterior, na tónica dos últimos cinco.
- Taxa de graduación (IN37CG): 42.74, dato superior aos dous últimos cursos, pero por debaixo da media da serie.
- Taxa de graduación (IN37CM): 85.19, superior ao curso anterior, segundo dato máis alto da serie.
- Duración media dos estudos (IN38CG): 4.53 anos, dato máis baixo desde 2016.
- Duración media dos estudos (IN38CM): 1.22 anos, lixeiramente inferior ao curso anterior, na tónica dos últimos cursos.
- Eficiencia dos titulados (IN39CG): Non se dispón de datos actualizados desde 2015.
- Eficiencia dos titulados (IN39CM): Non se dispón de datos actualizados desde 2015.
- Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG): 28.81, superior ao curso anterior (20.75), segundo dato máis elevado de toda a serie.
- Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41C): 28.47, superior ao curso anterior (27.16; non se dispón de datos de cursos anteriores).
- Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41CG): 34.19, na tónica dos últimos cursos.
- Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41CM): 3.7, dato máis baixo de toda a serie.
- Satisfacción do PAS co traballo desenvuelto (IN49C): 4 sobre 5, practicamente similar ao curso anterior.
- Taxa de éxito dos egresados (IN50CG): 89.44, superior aos dous últimos cursos.
- Taxa de éxito dos egresados (IN50CM): 92.53, superior ao curso anterior, pero por debaixo da media da serie.
- Taxa de idoneidade na graduación (IN51CG): 28.21, superior ao curso anterior, pero por debaixo da media da serie.
- Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53CG): 89.42, dato máis elevado de toda a serie.

- Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53CM): 92.53, superior ao curso anterior, pero por debaixo da media da serie.
- Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) (IN55C): 50.18. Non hai datos de cursos anteriores.
- Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) (IN56C): 31.65. Non hai datos de cursos anteriores.
- Porcentaxe de actas fóra de prazo (IXA-C04): 1.03, dato máis baixo de toda a serie.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A comisión desexa lembrar que a meirande parte de "aspectos a contemplar" suxeridos en relación coa directriz 4 son, literalmente, aspectos que a facultade, como testemuña, só pode observar, nos que ten mínima ou nula capacidade de intervención ou influencia (planificación de cadros de persoal de PDI e PAS; deseño e xestión de procesos de selección; distribución do encargo docente ao PDI; estímulo da formación do PDI e PAS; seguimento e avaliación da actividade investigadora do PDI, entre outros). De feito, a intervención mesma podería constituir unha irregularidade por vulnerar competencias doutros órganos, nomeadamente os departamentos e os servizos centrais, responsables da planificación e xestión do PAS e do PDI. Con todo, faise un resumo dos efectivos e unhas reflexións sobre a situación actual na que as intervencións, como esta comisión lembra, atinxirán a outros órganos.

Respecto ao PDI, os datos mostran a súa adecuación ás previsión das respectivas memorias do título, se ben os cadros de persoal evolucionaron a un nivel de temporalización do emprego preocupante.

As táboas da páxina seguinte informan dos efectivos nos títulos ofertados en función das áreas de pertenza e vínculo. Como se constata, en ambos títulos existe un equilibrio de efectivos fixos e temporais, que se reflicte, practicamente, nos datos de PDI de cada área.

Segundo os datos da plataforma de calidade, como se recolleu na sección anterior, o 82,22% do PDI con docencia nos títulos ofertados ten o grao de doutor; o 46,67% é funcionario e o 70,37% do PDI posuía al menos un sexenio. As tres porcentaxes van diminuindo curso a curso, revelando dúas actuacións en materia de recursos humanos.

En primeiro lugar, a renovación de efectivos que a institución está a acometer constatada polo feito de que os datos da

media de alumnos por grupo expositivo (IN31C) e interactivo (IN32C), nun PDA sen acusadas alteracións, poñerían en evidencia a falta de efectivos dados os movementos que se producen por mor das xubilacións de PDI ou do seu traslado en comisión de servizos. Esas ratios evolucionan positivamente, sendo os correspondentes a este curso as máis baixas da serie -como se indicou na sección anterior, non se recibiu a actualización de datos da ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30C)-.

En segundo lugar, o proceso de renovación caracterízase por un uso excesivo de figuras contractuais precarias (T3 / T6) que non teñen a capacidade doutro tipo de fórmulas (axudante doutor / contratado/a doutor) para atraer candidatos/as cunha traxectoria máis dilatada ou con méritos docentes e investigadores consolidados.

As reducións das porcentaxes de PDI co grao de doutor, funcionario e cun mínimo dun sexenio é un fenómeno común aos dous títulos ofertados, aínda que no caso do máster a porcentaxe de PDI con sexenios vaise mantendo en torno ao 85%.

Distribución do PDI por áreas e temporalidade do vínculo no *Grao en Ciencia Política e da Administración*

ÁREAS	PDI PERMANENTE	PDI NON PERMANENTE
Ciencia Política e da Administración	13	12
Socioloxía	4	3
Economía Aplicada	2	3
Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	1	2
Dereito Administrativo	1	1
Total	21	21

Distribución do PDI por áreas e temporalidade do vínculo no Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política

ÁREAS	PDI PERMANENTE	PDI NON PERMANENTE
Ciencia Política e da Administración	5	6
Xornalismo	2	1
Total (*)	7	7

(*) Ao total, hai que engadir 1 docente de área externa.

Xa que logo, se ben é positivo que se tomen medidas encamiñadas a renovar efectivos -en informes anteriores se poñía en evidencia o envellecemento dos cadros de persoal- é preciso que a oferta de prazas procure incluír figuras a tempo completo con capacidade de recrutamento de candidatos/as aos que aplicar procesos de selección que resulten nunha escolla solvente e con potencial elevado para os departamentos e, en consecuencia, para os centros.

Como se observa nos informes de seguimento dos títulos e se extrae das base de datos de recursos humanos (PDI) e dos plans de ordenación docente, malia a tendencia á temporalización dos cadros de persoal, os títulos mostran un elevado nivel de cualificación: aínda que nos títulos só imparte docencia un catedrático de universidade, hai porcentaxes importantes

de profesores titulares de universidade e profesores contratados doutores (18.92%), figuras docentes con vinculación permanente e dedicación a tempo completo. A experiencia docente é relativamente alta: o promedio de quinquenios alcanza o valor de 2.86. Finalmente, a experiencia investigadora, moi diversa entre as áreas de coñecemento da USC, non é moi distinta da de moitos centros: 1.03 sexenios en promedio.

En relación coa categoría que posúe o profesorado que imparte clases no primeiro curso do grao, por volume de docencia asumida, de novo atopamos un equilibrio entre o vínculo estable (1 catedrático de universidade, 6 profesores titulares de universidade, 4 profesores contratados doutores) fronte ao non estable (3 axudantes doutores, 4 profesores interinos, 1 contratado interino T3, 1 contratado predoutoral Xunta e 1 profesor asociado LOU). No caso do máster, nóvamente se reproduce o equilibrio entre vínculo estable (6 profesores titulares de universidade, 1 profesora contratada doutora) e non estable (3 axudantes doutores, 1 profesora interina, 1 contratada interina T6, 1 contratado interino T3 e 1 contratado posdoutoral Xunta).

En canto á satisfacción do PDI cos títulos, as puntuacións son bastante satisfactorias no grao: o equilibrio dos contidos teóricos e prácticos da titulación recibe un 3.36 (lixeramente inferior ao 3.50 do curso anterior), a organización xeral da titulación recibe un 3.55, a adecuación da formación en competencias profesionais recibe un 3.82 e a calidade docente da titulación un 3.73. No caso do máster, os niveis de satisfacción respecto da docencia impartida acadaron un 4,35 no curso 2018-1918, último do que se dispón de datos.

No que atinxe á formación, a puntuación media acerca do interese do profesorado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.), é bastante alta, cun valor de 4.23 (grao), superior ao curso anterior. Sen embargo, contrasta con esa puntuación a taxa de participación dos profesores dos títulos en actividades formativas. Incluso nunha situación docente excepcional durante o segundo semestre (Covid-19), no que foi necesaria a adaptación á docencia virtual e a USC incrementou a oferta de cursos de formación, non participan nesas actividades mais que o 35% do profesorado do título, acadándose o valor mais alto da serie temporal, cun ascenso moi notable dende o 18.92% do curso 2018-2019. Fóra dos datos que fornece a USC se sitúan as actividades realizadas por iniciativa propia do PDI á marxe da oferta do programa de formación continua da USC, aspecto sobre o que sería necesario obter información.

No que respecta á mobilidade, é moi baixa a porcentaxe de profesores que participan, que no grao se sitúa no 7.50; no caso do máster non hai constancia de que participara neste tipo de programas. En ambos casos, sería necesario coñecer que razóns ou motivos teñen os profesores para non participar nos programas a fin de estimulala.

Sen embargo, á marxe dos programas xestionados polo Servizo de Reacións Exteriores, tanto o PDI do grao como do realiza estadias (investigación; asistencia a congresos; cursos de especialización).

Non hai constancia a través da recollida de datos feita polo decanato, nin reflectidas nas actas dos distintos órganos involucrados no SGIC, da formulación de queixas por parte do PDI.

Por outra banda, o Persoal de Administración e Servizos (PAS) que traballa no centro está conformado polos seguintes efectivos:

- Persoal laboral: 1 conserxe (Grupo IV.I); 1 oficial de servizos (Grupo IV.I) (aos que se engaden outros 2 conserxes, compartidos coa Fac. de Relacións Laborais) e 2 auxiliares técnicos informáticos (Grupos IV.I).
- Persoal funcionario: 1 responsable de unidade de xestión do centro (Grupo A1/A2, nivel 24); 1 responsable de asuntos económicos (Grupo C1, nivel 18); 1 secretario do decanato (Grupo C1, nivel 18); 1 secretaria de administración (Grupo C1, nivel 18) do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía.

Os catro integrantes do persoal de conserxería teñen unha antigüidade que varía entre un mínimo de 11 anos e un máximo de 20. O mesmo sucede co responsable de asuntos económicos, que ten unha antigüidade de 20 anos. A antigüidade é

moito menor nos postos de responsable de apoio administrativo ao departamento, de secretaría do decanato e de responsable da Unidade de Xestión, que oscila entre 1 e 7 anos de experiencia nesas posicións.

Aínda que as percepcións do PAS contribúen a valorar a situación dos recursos humanos, para o curso 2019-2020 só se dispón de dúas respostas na enquisa de satisfacción do PAS (INF 21). As puntuacións medias repártense, para todos os ítems, entre o 3.50 e o 5. Dous aspectos susceptibles de mellora son os representados polos ítems que reciben unha puntuación de 3, ambos relativos á coordinación: "Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo" e "Estou coordinado con outras unidades da universidade". Só outros tres ítems acadan unha puntuación media inferior a 4: con 3.50 se puntúan: "A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada", "Síntome motivado/a no meu traballo", e "As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas". A satisfacción xeral, acadou unha puntuación, satisfactoria, de 4.

Tendo en conta que cada vez se traspasan máis funcións aos centros, sobre todo as de trato directo co alumnado, sería interesante aumentar o persoal e suprimir seccións "intermedias" como as UXAs por Campus.

En canto aos ítems relacionados coas repercusións da situación derivada do COVID-19 na labor dos PAS, os participantes declaran ter recibido "[...] información sobre o impacto da Covid-19 e o Estado de Alarma sanitaria no desenvolvemento das [súas] obrigas" e ter á súa disposición "mecanismos para trasladar as dúbidas relacionadas co meu traballo derivadas da Covid-19 e o Estado de Alarma sanitaria". As respostas divídense entre si e non para os ítems sobre a posibilidade de desenvolver as súas obrigas en remoto, a adecuación dos recursos para traballar en remoto e a adecuación da formación para desenvolver o traballo online. Xa que logo, non parece que, á marxe da satisfacción de necesidades informativas xerais, a institución deixase satisfeito a parte a lo menos do PAS da Facultade. Conviría estudar medios de mellora en previsión de posibles continxencias semellantes ás producidas pola pandemia.

A porcentaxe de participación do PAS en plans de formación (I6-I7) ven sendo satisfactoria (62.50% no curso 2018-2019, consolidando o aumento producido no curso 2017-2018 [63%] respecto ao curso 2016-2017 [30.00%]); o 100% do curso 2019-2020 ten que valorarse tendo en conta esa evolución, sen sobreestimar unha porcentaxe condicionada pola excepcionalidade da situación sanitaria do curso pasado.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como na sección anterior, esta directriz incide nunha área de intervención na que a facultade ten competencias reducidas, limitadas á supervisión do estado das instalacións e a solicitar autorizacións para moitos dos labores de mantemento e renovación de equipamento. De feito, a xestión dos recursos materiais e equipamento está condicionada polas decisións da xerencia da universidade e o centro só posúe un financiamento mínimo de cuxa administración informa aos órganos superiores de USC. Xa que logo, nas seguintes liñas faise descrición do estado destes recursos e das intervencións das que a facultade foi responsable.

Os títulos desenvólvense nas instalacións da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela, no Campus Vida.

O equipamento para o idóneo desenvolvemento das súas actividades amplíase ou renóvase periodicamente a través dos recursos que, para este fin, recibe anualmente a facultade. Os recursos materiais e servizos dispoñibles na actualidade son axeitados para garantir o desenvolvemento dos títulos, sempre e cando se asegure o modelo presencial actualmente vivente, ameazado polas consecuencias da Covid-19 que poden introducir novas necesidades de adquisición de equipamento.

O grao desenvolve a súa actividade nas aulas 0.1, 0.2, 1.1, 1.2, 1.3 (con capacidade para 110 postos) e a aula de informática (con capacidade para 30 postos). Ademais, están a disposición do alumnado 4 espazos de traballo e estudo grupal. Todas as zonas en uso e o seu perímetro dispoñen de acceso á rede wi-fi. O máster fai uso da aula 1.2 (110 postos) e a aula de informática. O uso compartido destes espazos é coordinado pola dirección do centro.

O resto de instalacións (aulas) da facultade están sendo usadas pola Facultade de Farmacia (aulas 1.4 e 2.1), Centro de Linguas Modernas (3 seminarios) e Cursos Internacionais de Español (2 seminarios).

Outros espazos dos que se dispón:

- 1 Sala de xuntas (con pizarra interactiva)
- 1 Salón de actos (compartido coa Facultade de Relacións Laborais)
- 1 Salón de graos (compartido coa Facultade de Relacións Laborais)
- 1 Sala-aula de profesores

Os espazos garanten o acceso para persoas con discapacidade.

Todas as aulas dispoñen de ordenador fixo con conexión á rede mediante cable. Así mesmo, todos os espazos e o seu perímetro contan con acceso á rede sen fíos. Hai proxector audiovisual e megafonía sen fíos en todos os espazos destinados a docencia.

Todo o PDI e PAS dispón de espazos de traballo (individuais e compartidos). Así mesmo, de acordo coa normativa da USC, os grupos de investigación vinculados a PDI con presenza no Centro teñen asignados espazos de traballo. A supervisión da xestión destes espazos é responsabilidade da Xunta de Facultade e baséase nun regulamento propio introducido no curso 2014-15. Durante a actual crise provocada pola Covid-19, a Facultade fixo unha redistribución de espazos e efectivos procurando un uso individual na medida do posible.

Os espazos e infraestruturas dispoñibles son satisfactorios. Igualmente, son axeitados os investimentos feitos en equipamento (cunha partida de axudas aberta durante todo o ano). Desde a dirección do centro púxose interese por dar resposta as necesidades da comunidade académica a través dos mecanismos de recollida de datos sobre estado das instalacións e equipamento que ten implementado.

O centro dispón dun espazo de aparcadoiro compartido con outros centros e restrinxido ao uso do PDI e PAS. Igualmente, dispón de fotocopiadoras de autoservicio e máquinas expendedoras de bebidas e alimentos.

Durante este curso, en función das peticións recibidas e dos incidentes xurdidos, realizáronse investimentos nos seguintes elementos:

- Renovación de equipos informáticos do aula de informática.
- Renovación de equipos informáticos de traballo do PDI.
- Adquisición de mobiliario de despacho.
- Instalación de pantallas no salón de actos e de graos.
- Renovación de canóns de proxección en varias aulas.
- Reparación de cubertas do aulario e desperfectos por filtración de augas.
- Instalación de tomas de electricidade en aulas para equipamento portátil do alumnado.
- Illamento térmico de espazos de traballo.

Ademais do exposto, a comunidade académica do centro accede á Biblioteca Intercentros Concepción Arenal que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables para o estudo das ciencias sociais e xurídicas.

A biblioteca conta cun edificio exento nas proximidades da facultade que presta servizos ás Facultades de Relacións Laborais, Dereito e Ciencias Políticas e Sociais e dispón dunha superficie de 7.410 m². Pon a disposición dos seus usuarios/as os seguintes espazos: salas de lectura con 952 postos de lectura; 2 aulas de formación; salas de traballo en grupo; salas de investigación con 50 postos individualizados; 50 postos de descanso; depósito, co fondo antigo (obras desde o século XVI). Conta, ademais, co seguinte equipamento: Escáner (1); PCs para consulta do catálogo da BUSC (7); PCs para consulta de bases de datos e Internet (3); portátiles en préstamo (9); fotocopiadoras (3); lector /reprodutor de microformas (1).

A biblioteca conta de rede sen fíos en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.

As principais áreas de coñecemento representadas na colección son: ciencia política, dereito, economía e socioloxía. Os fondos bibliográficos están diferenciados en: libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente, e libros de investigación. Na Sala de Lectura da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos alumnos, en libre acceso. No resto do fondo bibliográfico atópanse as obras de investigación, tamén en libre acceso, excepto o fondo antigo (anterior a 1940). Na hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos ordenadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 163.200 volumes de manuais e 5.134 títulos de revistas en papel, das cales 523 recibense periodicamente. A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA) permite o acceso desde a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas.

O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica, tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental nas materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe dos títulos ofertados, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC.

A documentación de verificación do título de máster non contén datos específicos e actualizada das valoracións que o seu alumnado e PDI facía dos recursos materiais e equipamentos. Nas seguintes liñas, expóñense os datos relativos ao grao.

As percepcións subxectivas dos colectivos que valoran os recursos parecen xustificar a adecuación. Non obstante, os valores das puntuacións suxiren que queda unha ampla marxe de mellora.

- 1) Na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), no primeiro cuadrimestre os estudantes dan puntuacións satisfactorias, pero necesitadas de mellora, ao reforzo da comprensión da materia cos recursos didácticos empregados (3.46, INF 13_1S) e á utilidade do material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) para a preparación da materia (3.50, INF 13_1S); no segundo cuadrimestre, sometida a actividade docentes ás restrición derivadas da pandemia, as puntuación para eses mesmos ítems son de 3.55 (INF 13_2S) e 3.44 (INF13_2S).
- 2) A satisfacción do alumnado que resposta á enquisa sobre satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) puntúa con valores mais altos que o curso pasado, aínda que insatisfactorios, a adecuación dos recursos educativos dispoñibles (2.50 fronte a 2.25), a adecuación das infraestruturas e materias dispoñibles no centro (2.56 fronte a 1.75) e cun valor mais baixo e igualmente insatisfactorio a utilidade do campus virtual e a facilidade que proporciona para as xestións académicas (2.94 fronte a 3.25).
- 3) A satisfacción do alumnado que resposta á enquisa sobre satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) puntúa bastante baixo a orientación ao alumnado: a adecuación da información dispoñible sobre a titulación con 2.82, puntuación lixeiramente superior ao 2.38 do curso 2018-2019, e a orientación profesional e laboral recibida no centro con 2.22, puntuación tamén lixeiramente superior ao 1.88 do curso anterior.
- 4) Segundo a Enquisa de satisfacción de egresados/as (2018/2019, dada a ausencia de evidencias e indicadores actualizados para o curso 2019-2020) (INF 09), a satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles (3.20, no INF 09-Enquisa de satisfacción de egresados/as 2018/2019) é moderadamente satisfactoria, posto que supera a do pasado curso, é a segunda máis alta dos último cinco cursos e é máis alta que a satisfacción media nos graos da USC (2.89). A valoración dos recursos tecnolóxicos (4.10) é satisfactoria en termos absolutos e comparativos: representa a maior puntuación da tendencia ascendente dos últimos cursos e supera a puntuación media dos graos da USC (3.64). A valoración da Biblioteca (4.50) é moi satisfactoria, alcanzando a puntuación máis alta dos últimos cinco cursos, e superando en máis dun punto a puntuación do curso pasado e a valoración media nos graos da USC (3.99). A valoración da cafetería/comedor (3.00) é naturalmente (debido a que non hai un local propio do centro) inferior a expresada na media dos graos da USC (3.68), pero tamén inferior á do curso pasado (3.31).
- 5) Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), acádase unha puntuación satisfactoria no ítem pertinente: a adecuación do material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos

bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) para o desenvolvemento da materia (3.64, puntuación que implica un descenso desde o 4.14 do curso anterior probablemente debido aos efectos da Covid-19 nos labores tanto docentes como de investigación e xestión do profesorado).

- 6) A valoración polos profesores dos recursos materiais na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23) é satisfactoria: todos os ítems, menos un, reciben puntuacións iguais ou superiores a 3.30. A facilitación do labor docente polo campus virtual acada a puntuación de 4.09 (por debaixo do 4.33 do curso anterior); a adecuación da información sobre a titulación (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias...) tamén puntúa con 4.09, valor inferior ao 4.17 do curso anterior; e a atención prestada polo persoal de administración e servizos, con 4.70 (por encima do 4.00 do curso 2018-2019), acada a puntuación mais alta. O estado e a adecuación das aulas e o seu equipamento recibe, con 3.55, unha puntuación moi similar ao 3.50 do curso anterior; finalmente, a adecuación dos recursos educativos dispoñibles obtén unha puntuación de 3.73, inferior ao 3.83 do curso anterior.
- 7) Tanto a adecuación da información, orientación e atención prestada por parte dos titores académicos da Universidade e da información previa recibida do procedemento das prácticas (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.) como a das instalacións e os medios materiais cos que se conta na empresa/institución reciben unha puntuación idéntica (3.75) e moderadamente satisfactoria (INF 06, curso 2018-2019).
- 8) Entre os estudantes entrantes en programas de mobilidade (INF 05, curso 2018-2019), as valoracións dos recursos son as seguintes: as infraestruturas obteñen unha puntuación media de 4.00 (apenas superior ao 3.94 de media nos graos da USC), confirmando a pauta de altibaixos da serie en cursos anteriores.

Esta comisión desexa chamar a atención sobre o panorama incerto que abre a situación excepcional provocada pola Covid-19, que pode obrigar a planificar unha dotación de equipamento extraordinaria para facer fronte a posibles escenarios de ensino semipresencial. Nese sentido, desexa recoñecer o esforzo que durante este meses realizou o persoal (PDI e PAS) para manter a actividade académica.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

